



## NORMAS RESPECTO Á ANTICOAGULACIÓN

### ANTE A SITUACIÓN ACTUAL DE ALERTA SANITARIA POR COVID-19.

A excepcionalidade contemplada no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, xunto coa necesidade de asegurar unha asistencia sanitaria continuada mantendo no posible o confinamento da poboación esixe a toma de decisións extraordinarias.

Os pacientes con necesidade de anticoagulación requiren unha monitorización continuada por parte dos profesionáís co fin de garantir a máxima efectividade do tratamento co mínimo risco posible.

Polo tanto emítese a seguintes **NORMAS**

#### 1.- INICIO DE ANTICOAGULACION:

**1.1 O inicio de tratamento con anticoagulantes orais antivitamina K (AVK)** limitarase a situacións estritamente necesarias.

**1.2 O inicio de tratamento con anticoagulantes orais de acción directa (ACOD)** realizarase na indicación de fibrilación auricular non valvular (FANV), tendo en conta que a situación de alerta sanitaria dificulta o acceso al control de INR á maioría dos pacientes neste momento.

**1.3 O inicio de tratamento con heparinas de baixo peso molecular (HBPM)** valorarase nas situacións nas que non se considere adecuado o inicio con ACOD, de forma temporal ata que se poida iniciar a anticoagulación oral con garantías de seguridade.

#### 2. PACIENTES A TRATAMENTO CON ANTIVITAMINA K

##### 2.1 Espaciar controis de INR:

- Valorarase a extensión a 6-8 semanas, en pacientes con FA ben controlados (3 últimos controis en rango, a intervalos de 4-5 semanas), de idade < 75 anos (ou ata 80 anos, se bo estado xeral)
- Valorarase ampliar a 6 semanas os controis de TAO en pacientes con ETEV (3 últimos controis en rango, a intervalos de 3-4 semanas)
- Para o resto de situacións (anticoagulante lúpico, trombose de repetición, mal control) controis máximo cada 4 semanas.

##### 2.2 Valorar cambio a ACODs según criterio 1.2:

- Pacientes con desviación importante do INR que require control inminente\*
- Pacientes con FANV illados (positivos ou contactos estreitos) por coronavirus COVID-19\*

(\*En todos estos casos debe terse en contra que o cambio de un AVK a un ACOD require un dato recente de función renal e peso, para facer o cálculo da dose.)

### 2.3 Valorar cambio a HBPM, axustada ás características do paciente

- Pacientes illados (positivos ou contactos estreitos) por coronavirus COVID-19
- Pacientes anticoagulados con diagnóstico distinto a FANV.

O Director Xeral de Asistencia Sanitaria



Jorge Aboal Viñas